

Que tal foi o descanso de tarefas de Semana Santa? Para esta temos un traballo máis, que non podemos deixarnos ir, vale? Xa que estamos en casa imos aproveitar todo ese tempo libre para aprender algunhas cousas!

Para o mércores 15/04/2020 tedes un traballo sobre o aparello reprodutor. Trátase de debuxar e nomear nunhas siluetas as principais partes, substancias e procesos de cada aparello.

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!

Nome: _____

Traballo: “Aparello reprodutor”

Imos seguir coa silueta humana con varias capas. En cada unha das capas soamente tes que debuxar as partes principais dun aparello corporal e nomear as súas partes máis importantes.

- 1) Fai outra copia da silueta e debuxa nela as partes, os órganos e condutos máis importantes do teu aparello reprodutor (masculino ou feminino) e escribe o seu nome na parte branca de fóra da silueta. Repasa o libro dixital para non deixar ningún atrás!

Faino o máis limpo e claro posible e coloreas os debuxos. Pensa que, ademais do traballo de debuxo, o realmente importante é que crees unha imaxe clara destes aparellos.

Cando remates isto inda queda unha cousa máis: os procesos! É dicir, debes debuxar as frechas e poñer os nomes necesarios para que se entenda, vendo o debuxo, como traballa ese aparello e que substancias viaxan de onde a onde, cales entran, cales saen, por onde...

Podes ver estes vídeos primeiro:

<https://www.youtube.com/watch?v=PHsd1TkAdAc>

<https://www.youtube.com/watch?v=fMPqh9MByU0>